

## CONCELLO DE P O N T E C E S U R E S (PONTEVEDRA)

### ANUNCIO EXPLICATIVO DA CONCESIÓN DA PRAZAS NA EIM DE PONTECESURES PARA O CURSO 2026/2027.

A Escola Infantil Municipal (EIM) de Pontecesures conta con 4 aulas coa seguinte distribución por idades:

- Aula 0 – 1 anos: 8 prazas
- Aula 1 – 2 anos: 13 prazas.
- Aula 2 – 3 anos: 20 prazas.
- Aula Mixta (1 – 3 anos): 15 prazas.

Tendo en conta que houbo 24 renovacións de alumnado que están actualmente na EIM:

- 16 renovacións de nenos/as nacidos/as en 2024 (aula 2 – 3 anos)
- 8 renovacións de nenos/as nacidos/as en 2025 ( aula 1 – 2 anos).


Á vista das 21 novas solicitudes presentadas, distribuídas segundo a idade dos/as solicitantes:

- 1 nova solicitude de nenos/as nacidos/as en 2024 (aula 2 – 3 anos)
- 18 novas solicitudes de nenos/as nacidos/as en 2025 ( aula 1 – 2 anos).
- 2 novas solicitudes de nenos/as nacidos/as en 2026 (aula 0 – 1 anos).

#### CONCLUSIÓN:

- Existindo un total de 8 prazas dispoñibles para a aula de 0 – 1 anos, e presentándose 2 solicitudes, **estas quedan ACEPTADAS, debendo formalizar a correspondente matrícula no prazo establecido (do 1 ao 15 de xuño de 2026)**. Quedan, polo tanto, 6 prazas vacantes que se cubrirán por orde de entrada no rexistro.
- Existindo un total de 48 prazas dispoñibles para as idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos. Tendo en conta as 24 renovacións e as 19 novas solicitudes presentadas, **quedaron 24 prazas dispoñibles para novas adxudicacións**. Das prazas dispoñibles, **foron concedidas as 19 solicitudes presentadas, debendo formalizar a correspondente matrícula no prazo establecido (do 1 ao 15 de xuño de 2026)**. Quedan, polo tanto, 5 prazas vacantes que se cubrirán por orde de entrada no rexistro.





## **CONCELLO DE P O N T E C E S U R E S** (PONTEVEDRA)

- A adxudicación de tódalas solicitudes presentadas realizouse conforme ao establecido no Regulamento de Organización da EIM (artigos 6.1 e 6.8.1), tendo prioridade as solicitudes de nenos/as empadroados en Pontecesures, fronte aos non empadroados, así como as solicitudes de xornada completa fronte ás de xornada reducida

**Quedando en total 11 prazas vacantes, as solicitudes presentadas fóra de prazo, serán atendidas segundo a orde de entrada no rexistro.**

A lista provisional de admitidos e de reserva de praza publicarase na páxina web e na sede electrónica do Concello.

Asdo.- M<sup>a</sup> Teresa Tocino Barreiro.  
Alcaldesa-Presidenta do Concello de Pontecesures.  
(Documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe)

